

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 674/2009, DO 29 OUTUBRO.**

Mediante Resolución de Alcaldía nº 638/2009 de 15 de outubro, aprobáronse as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, na modalidade de "obra ou servizo determinado", durante 6 meses, dun arquiveiro no Concello de Cabana de Bergantiños.

Vista a presentación da correspondente oferta de Emprego na Oficina de Emprego de Carballo para solicitar candidatos desempregados a estas prazas, tal e como o marca a orde de subvención dos Programas de Cooperación 2009.

Reunido o tribunal o día 27 de outubro de 2.009, procedeuse a valorar os méritos achegados así como á realización da entrevista curricular, todo isto de conformidade co baremo establecido nas bases de selección aprobadas mediante resolución nº 638/2009 de 15 de outubro.

A vista do anterior, o tribunal de selección propón que se proceda á contratación de D. Ana Sofía Velo Facal con DNI nº 32.837.766-E como aspirante idóneo. Vista a citada proposta de nomeamento e visto que os aspirantes, presentaron en tempo e forma a documentación esixida pola base décimas das bases aprobadas por resolución de Alcaldía nº 638 /2009, do 15 de outubro.

Consonte co preceptuado nos artigos 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril e 41.14.c) do ROF., pola presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO:** Nomear a Dna. Ana Sofía Velo Facal con DNI nº 32.837.766-E como persoal laboral temporal, para o posto de ARQUIVEIRO deste Concello, cunha duración seis meses dende a sinatura do contrato, baixo as condicións establecidas nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía 638/2009 de 15 de outubro.

**SEGUNDO:** Os restantes aspirantes quedarán como reservas nos casos de vacante ou renuncia ao posto do nomeado e pola orde da puntuación obtida no procedemento de selección.

**TERCEIRO.-** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web.

Mándao e asínao o Alcalde-Presidente don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o vinte e nove de outubro de dous mil nove, diante de min, o Secretario, que dou fe e certifico.

O Alcalde,

O Secretario,

Asdo.: Jose Muíño Domínguez

Asdo.: Federico Suárez Cancelo.